



CONCELLO DE
BERGONDO

Estrada da Coruña, 12. 15165 Bergondo. Tef. 981 79 12 52, fax 981 79 42 33 correo@bergondo.es

Servizo/s: Servizos Económicos

Dec./Res. Nº: 729/2011

DECRETO DE ALCALDÍA

Debido á próxima implantación da plataforma eFacil Concello de Bergondo, subproxecto incluído no proxecto Plataforma FOSS de Facturación Electrónica do Concello da Coruña, en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña, é necesario aprobar un **Modelo de alta/modificación/baixa de datos de terceiros** actualizado e interactivo para poñelo a disposición dos usuarios nesa plataforma e así facilitarlle-la súa cubrición desde calquera terminal informática tanto ós que emitan facturas electrónicamente a través dela como para calquera outro que as presente de forma tradicional directamente no Rexistro Xeral do Concello, conseguindo con isto que se axilicen os trámites para proceder ó seu pagamento.

Por todo isto, e en virtude das atribucións que confire ó Alcalde o artigo 21.1 da LBRL,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aproba-lo **Modelo de alta/modificación/baixa de datos de terceiros** que se acompaña a este Decreto.

SEGUNDO: Incorpora-lo citado modelo á Plataforma eFacil Concello de Bergondo que se está a elaborar.

Bergondo, 17 de novembro de 2011

A Alcaldesa

Asdo.: Alejandra Pérez Máquez